

UN REPRESENTANTE DE UGT INTERVÉN NO CESE, POR PRIMEIRA VEZ NA HISTORIA DESTA INSTITUCIÓN EUROPEA, EN GALEGO E CATALÁN

Situando así os nosos dereitos lingüísticos e constitucionais nas institucións europeas

Redacción.- Manuel García Salgado, representante de UGT no Comité Económico e Social Europeo (CESE), interviu este xoves no debate co comisario durante o Plenario do CESE sobre o Programa de traballo da UE en galego e catalán. Por primeira vez na historia desta institución europea faise uso das linguas cooficiais, situando así os nosos dereitos lingüísticos e constitucionais nas institucións europeas.

Lembrar que esta medida foi promovida polos conselleiros do Worker' Group procedentes de UGT para que os representantes de Cataluña, Galicia e o País Vasco que interveñan nas sesións plenarias poidan expresarse en catalán, galego e euskera. Medida que foi ratificada polo Goberno español o pasado 7 de abril coa sinatura dun acordo co CESE para estender o uso das linguas cooficiais españolas ás intervencións dos seus membros nas sesións plenarias.

Para UGT-Galicia, esta medida non só contribúe a reforzar o papel do CESE como garante da diversidade cultural e lingüística europea, senón tamén a potenciar a inclusión efectiva de todos os sectores da sociedade civil nos procesos de toma de decisións.

A promoción das linguas cooficiais españolas é un reflexo do compromiso de UGT coa defensa dos dereitos fundamentais e a igualdade.

Entrando de cheo no contido do tratado nesta sesión, UGT celebra a aprobación por parte do Comité Económico e Social Europeo (CESE) da resolución sobre o Programa de Traballo da Comisión Europea para 2026, copresidida pola secretaria de Políticas Europeas de UGT, Mari Carmen Barrera. O texto foi defendido no pleno por Manolo García Salgado, coordinador da secretaría de Políticas Euro-



peas.

Na súa intervención, García Salgado subliñou a necesidade de consolidar os dereitos sociais e laborais, reforzar a xustiza social, asegurar a estabilidade democrática no traballo e construír un modelo europeo que non deixe a ninguén atrás. Reclamou impulsar unha industria limpa, sen externalizacións, que cre emprego de calidade; entender a negociación colectiva; e avanzar cara á redución da xornada laboral sen perda salarial.

Desde UGT valoramos esta resolución como unha folia de roteiro imprescindible para situar ás persoas traballadoras no centro do proxecto europeo, especialmente ante as transicións dixital, ecolóxica e xeopolítica. A resolución reclama á Comisión un compromiso claro co emprego digno, o investimento social e os dereitos laborais.

Entre as propostas sindicais incluídas destacan:

Garantir que a dixitalización e a intelixencia artificial estean centradas nas persoas, con control humano e sen precarización.

Desenvolver un paquete de transición xusta con enfoque social e formación gratuíta en sectores como turismo ou transporte.

Reforzar o investimento público en industria sostible, con participación sindical e condicións laborais dignas.

Impulsar unha nova estratexia de igualdade de xénero post-2025 que erradique a violencia e reduza brechas salariais e de coidados.

Ampliar a democracia no traballo mediante a negociación colectiva e o fortalecemento dos interlocutores sociais.

Establecer un novo Marco Financeiro Plurianual 2028-2034 con maior investimento social e condicionalidade baseada en dereitos laborais.

UGT-SP PRESENTA UN RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA OS INCUMPRIMENTOS DO ACORDO DE EDUCACIÓN POR PARTE DA CONSELLERÍA

Redacción.- As organizacións sindicais CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP anuncia-ron o día 17 que presentaron perante o servizo de reparto do Decanato dos Xulgados de Santiago de Compostela o recurso contencioso-administrativo contra os incumprimentos do Acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, por parte da Consellería de Educación.

Tomamos a vía xudicial, xunto coa denuncia pública, para garantir o cumprimento íntegro de todas as disposicións do Acordo, despois da promulgación da Lei 5/2024 de medidas fiscais e administrativas, que obstaculiza a súa aplicación, atrasando a implantación íntegra das ratios previstas no Acordo de Agrupamentos de 2009 así como as medidas de desdobre de aulas e a dotación de profesorado de apoio.

Desde o inicio de curso e tras consultar á práctica totalidade dos centros da Comunidade, xa advertimos de que, de aplicarse o Acordo tal e como foi asinado, o sistema educativo contaría con 282 aulas máis e ata 396 docentes adicionais, que se sumarían aos 556 xa incrementados con respecto ao curso anterior, acadando un incremento total de 952 docentes.

Entre os principais incumprimentos constatados a inicios de curso, destacan as ratios en aulas que escolarizan alumnado de diferentes niveis, ciclos e etapas, con 110 centros afectados. A continuación, estaría o cómputo dobre ou triplo de alumnado con discapacidade, dependencia e/ou trastornos graves de conduta, que supera a ratio máxima. Este incumprimento rexístrase nun total de 67 centros.

Ademais, ao longo do curso comprobamos que existe unha interpretación restritiva e obstrucionista por parte da Consellería de Educación, especialmente a través do servizo de Inspección. Por acción ou omisión, estanse freando de forma sistemática os avances pactados no Acordo. O último exemplo desta actitude foi a Instrución 2/2025, difundida aos centros pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que permite vulnerar a foto fixa dos grupos situados entre 20 e 25 alumnos/as no momento de entrada en vigor do Acordo.

Lonxe de permanecer inactivos, en outubro presentamos á Valedora do Pobo os incumprimentos constatados e iniciamos a



vía administrativa de reclamación que culmina hoxe, tras esgotar todos os trámites administrativos previos, co paso á vía xudicial coa presentación do recurso contencioso-administrativo. Lamentamos a lentitude ao ter que esgotar os sucesivos prazos administrativos, pero son a única maneira de darlle seguridade xurídica á nosa reclamación.

Aspiramos a unha sentenza similar á da Comunitat Valenciana, que obrigou alí ao Goberno autonómico a contratar case 2.000 docentes por incumplir un acordo similar. Do mesmo xeito, presentamos unha reclamación administrativa pola aplicación incorrecta do 10 % de incremento correspondente ao ano 2025 nos complementos de sexenios e titoría, que será acumulada no proceso xudicial, unha vez esgotada a vía administrativa.

Fronte a esta actitude activa, as organizacións non asinantes do Acordo manteñen unha postura ambigua: dunha banda piden coa boca pequena o seu cumprimento e, doutra, esixen que retiremos a sinatura. Esta actitude resulta totalmente irresponsable, pois retirar a sinatura significaría renunciar tanto ás melloras xa acadadas no Acordo como aos avances que están por vir en cursos futuros.

A renuncia ao Acordo podería supor:

- A diminución do cadro de persoal actual en 556 docentes, que son as persoas incorporadas este curso grazas a aplicación das diferentes disposicións do Acordo.

- A supresión de ata 204 aulas que se mantiveron abertas grazas ao Acordo, e que significaría a supresión de ata 300 postos docentes.

- A volta ás ratios de 25 alumnos/as en todos os niveis de Infantil e Primaria.

- Ningún alumno computaría a efectos de ratio dobre ou triplo.

- O alumnado repetidor non computaría a efectos de ratio.

- O incremento das ratios en aulas mixtas: de 14 a 25 en infantil e tamén a 25 en primaria.

- A paralización da aplicación progresiva das ratios de 25 en secundaria e 30 en bacharelato.

- Unha redución salarial de 60 euros para os equipos directivos, incluídos os responsables de centros con menos de tres unidades.

- Unha redución retributiva para todo o profesorado en función dos seus sexenios:

- Un incremento de dúas horas lectivas semanais para os mestres/as, o que implicaría tamén dúas horas máis de permanencia semanal no centro.

- Eliminaríase o compromiso de negociar a redución do horario lectivo en secundaria

cando se aborde a nova xornada de 35 horas do persoal da Xunta.

- A Administración non tería obriga de publicar un plan para racionalizar a burocracia.

- Suprimiríase a posibilidade de que os órganos colexiados e de coordinación docente puidesen reunirse telematicamente.

- Reduciríanse á metade ás axudas de reintegros por gastos de formación.

- Suprimiríanse as licenzas por formación non retribuídas para a realización de estudos universitarios, que foran recuperadas grazas ao Acordo.

Máis aló dos incumprimentos concretos, queremos poñer en valor os efectos positivos do Acordo nun contexto de forte descenso da matrícula, con case 3.000 alumnos menos cada curso. Entre os logros máis salientables destacamos:

- a) O acordo puxo fin á “sangría” de aulas, sobre todo no rural. Por primeira vez en moitos anos, este curso creáronse 10 aulas de catálogo e 21 postos de traballo definitivos, fronte a un balance negativo de 239 aulas e 334 postos destruídos nos tres cursos anteriores.

- b) Evitouse o peche de ata 204 aulas, o que supón conservar preto de 300 postos de traballo.

- c) Prevese que nos vindeiros tres cursos se eviten máis de 800 supresións de aulas e arredor de 1200 docentes postos docentes.

- d) Incrementouse o número de docentes en activo en 556 con respecto ao curso anterior, pasando de 31.044 a 31.600. Esta cantidade sumariase aos postos de traballo que non foron suprimidos grazas á aplicación do Acordo.

A nosa folla de ruta é clara: denuncia pública, mobilización, acción institucional e vía xudicial. Seguiremos esixindo o cumprimento íntegro do Acordo ata as últimas consecuencias, sen descartar ningunha medida de presión.

O II CONGRESO DE UGT SERVICIOS PÚBLICOS GALICIA REELIXE A IRENE MARTÍNEZ COMO SECRETARIA XERAL

Redacción.- UGT Servicios Públicos Galicia celebrou este xoves na Cidade da Cultura, en Santiago, o seu II Congreso baixo o lema “Afrontar os cambios”.

Neste Congreso analizouse a xestión do último mandato, marcáronse as pautas de cara aos vindeiros anos e elixíronse os novos órganos de dirección. Así, ao fronte da Comisión Executiva estará Irene Martínez; Felipe Balboa será o vicesecretario xeral e responsable de Políticas Organizativas; o secretario de Administración e Formación será Emilio Pallarés; ao fronte da Secretaría de Muller e Igualdade estará Digna Lía Rodríguez; Javier Martínez ocupará a Secretaría de Sanidade e Servizos Sociosanitarios; Cristóbal Salgueiro será o secretario de Ensino; Carlos Reija o responsable do sector Autonómico; Juan Manuel Loureiro estará ao fronte da Secretaría de Administración Local e Servizos á Comunidade; Rocío Huelga será secretaria de Administración do Estado; Elvira Maceiras a responsable do Sector Postal; e Susana Carballal será secretaria Executiva.

Ao longo do Congreso sucedéronse numerosas intervencións coincidindo en que, como afirmou a secretaria xeral de UGT Servicios Públicos Galicia, Irene Martínez, os retos para os empregados e empregadas públicas deste país son moitos e complexos, sobre todo na actual conxuntura marcada polas incertezas e unha difícil situación política. Ante isto, os empregados e empregadas públicas precisan reforzarse, loitar máis que nunca polos seus dereitos, para o cal, reforzar o



Sindicato vai ser fundamental para “Afrontar os cambios”.

Pola súa banda, a recentemente elixida secretaria xeral de UGT Servicios Públicos a nivel estatal, Isabel Araque, tamén insistiu na necesidade de “Afrontar os cambios” e facer máis estables os dereitos dos empregos e empregadas públicas.

Para isto, UGT Servicios Públicos pon enriba da mesa tres retos. Primeiro, cumprir con todo o asinado, entre sindicatos e Goberno, no I Acordo Marco para unha Administración do século XXI porque aínda hai aspectos pendentes. Por exemplo, urxe pechar xa todo o relativo á clasificación profesional e formación profesional dos grupos B, isto ten que ser unha realidade sen máis demoras, sobre todo no sector sanitario que é o máis afectado.

Araque tamén fixo un chamamento aos grupos políticos e ao Goberno a darlle para adiante xa a todo o relativo

á lexislación en materia de xubilación parcial e anticipada.

Porque o futuro e os retos dos empregados e empregadas públicas deben estar por enriba das loitas partidistas. E, neste senso, o tema salarial é outra das grandes eivas, non é posible que este grupo de traballadores e traballadoras descoñezan o que van cobrar no 2025. E así ano tras ano.

Neste contexto é necesario xa un II Acordo para a modernización da Administración Pública do século XXI. Un acordo que recolla todos os dereitos, tanto sociais como salariais, dun xeito plurianual, porque os traballadores e traballadoras da función pública tamén merecen seguridade e certezas, non poden estar pendentes ano tras ano, exercicio tras exercicio do que decida o Executivo que estea gobernando nese momento ou dependendo da existencia ou non e do contido dos Presupostos das Administracións.

MOBILIZACIÓNS "POLO FIN DO XENOCIDIO EN GAZA. POR UNHA PAZ XUSTA. POR UN ALTO AO FOGO DEFINITIVO. NIN TERRORISMO, NIN XENOCIDIO"

Redacción.- O pasado sábado as mobilizacións polo fin do xenocidio en Gaza sucedéronse por toda España e en Galicia tamén tiveron lugar varias concentracións nas que UGT participou.

Porque é o momento de transformar a indignación ante o xenocidio que están a cometer en Palestina, nunha acción tan enérxica como pacífica, tan contundente como unitaria e solidaria.

O que está a ocorrer en Gaza é un xenocidio que ten como obxectivo final o exterminio e a limpeza étnica de máis dous millóns de gazatíes, a metade dos cales son menores. Este é o criminal proxecto que Netanyahu, co apoio incondicional de Trump.

Tras a ruptura do precario cesamento do fogo o 18 de marzo, a violencia escalou. Estamos ante un dos momentos máis crueis e mortíferos da matanza que o goberno israelí leva vinte meses perpetrando contra unha poboación civil inocente, desarmada e indefensa.

Todos os días as tropas de Israel perpetrar unha infinidade de crimes de guerra. Todos os días bombardean hospitais, escolas, refuxios ou tendas de campaña. Todos os días destrúen vivendas, campos de cultivo, infraestruturas de auga potable e saneamento, sen máis propósito que o exterminio e que Gaza sexa inhabitable. Todos os días criban a homes, mulleres e nenos que só claman por axuda.

Á extrema violencia das bombas sú-



mase o rigor dun asedio que condena á fame negra total a dous millóns de gazatíes. A ONU asegurou que 14.000 bebés poderían morrer en Gaza se a axuda humanitaria non chega a tempo.

PararLaGuerra.es, organización convocante, chamou a toda a cidadanía, sen distinción de ideoloxías ou credos, a apoiar a Xornada Estatal polo Fin do Xenocidio do

pasado sábado, e a acudir ás concentracións que de maneira simultánea, e ás 12 da mañá, realizáronse por toda España.

Ese día, os manifestantes uníronse nun obxectivo, o Fin do Xenocidio, e renderon unha particular homenaxe a quen foi e son os nosos ollos en Palestina, aos e as xornalistas, que foron asasinados, feridos ou detidos, e quen segue alí xogándose a vida.



ORGULLO LGTBI 2025

MANIFESTACIÓN
ORGULLO
A CORUÑA
28 DE XUÑO ÁS 19:30
SAÍDA DA PRAZA DE OURENSE



ORGULLO LGTBI 2025

MANIFESTACIÓN
ORGULLO CRÍTICO
VIGO
28 DE XUÑO ÁS 20:00
SAÍDA DA DOBRADA

A ÁREA LGTBI DE UGT GALICIA CHAMA Á PARTICIPACIÓN NAS MANIFESTACIÓNS DO DÍA 28 DO "ORGULLO LGTBI 2025"

CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS POR UN CONVENIO DIGNO PARA O SECTOR DA LIMPEZA DA PROVINCIA DA CORUÑA

Redacción.- As mobilizacións no sector da limpeza da provincia da Coruña por un convenio digno continúan. Esta semana trasladáronse a Ferrol, concretamente, á Praza de Armas, fronte ao Concello desta cidade.

Dende FeSMC Coruña denúnciase que están baixo un convenio que xa finalizou a súa vixencia o día 31 de decembro de 2023 e, dende esta data, os salarios do sector están sen actualizar.

Despois de máis dun ano de negociacións, UGT propuxo o incremento do IPC de 2024 e seguir negociando o convenio, ao cal a patronal estatal Aspel négase. Lembrar que esta aglutina grandes empresas como Eulen, Clece, Acciona, FCC, Lacera, Onet ou Samsic, entre ou-



tras, mentres a patronal provincial si acepta a proposta.

Un sector xa moi precarizado

Dende UGT quérese chamar a

atención da opinión pública no que se considera unha burla destas empresas, grandes concesionarias de concursos públicos en Galicia e con grandes beneficios. Unha burla a un sector que xa está moi precarizado.

UGT TRASLÁDALLE A PSOE, SUMAR E BNG A GRAVE SITUACIÓN DA NEGOCIACIÓN DO CONVENIO DE COMERCIO DE ALIMENTACIÓN DE OURENSE

Redacción.- Este luns representantes de UGT, CCOO e CIG mantiveron unha xuntanza co BNG, SUMAR e PSOE no Parlamento Galego para trasladarlles a grave situación da negociación do convenio de comercio da alimentación en Ourense, bloqueado pola intransixencia da patronal.

Lembrar que xa se sucederon varias xornadas de folga e manifestacións polas rúas da cidade de Ourense.

Tamén se intentou unha mediación a través do Consello Galego de Relacións Laborais totalmente infrutuosa ante unha patronal intransixente. Neste contexto os sindicatos propuxeron dúas alternativas: un convenio de catro anos con promoción automática do grupo IV ao III aos seis meses; ou un convenio de tres anos con promoción automática do grupo IV ao III aos

12 meses.

As táboas salariais do grupo IV serían de 17.750 euros para 2025, 18.637,50 para 2026, 19.196,63 para 2027 e 19.772,52 para 2028. E do grupo III, 18.100 para 2025, 19.500 para 2026, 20.200 para 2027 e 21.000 para 2028.

A patronal rexeitou todo. Polo que se celebraron as asembleas para informar o persoal, que optou por facer efectivas as mobilizacións.

Dende FeSMC-UGT insístease en que os traballadores e traballadoras do sec-

tor o único que reclaman son unhas condicións laborais e sociais dignas e que non se pode seguir xogando coa precariedade mentres as empresas do sector acumulan ano tras ano importantes beneficios.



UGT CELEBRA EN ZARAGOZA O III ENCONTRO DE MULLERES DIRIXENTES

“Retos ante a igualdade entre mulleres e homes. As mulleres no diálogo social e a negociación colectiva”

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) celebra os días 18, 19 e 20 de xuño o III Encontro De Mulleres Dirixentes. As xornadas versan sobre “Retos ante a igualdade entre mulleres e homes. As mulleres no diálogo social e a negociación colectiva”, e teñen lugar no Centro de Formación Arsenio Jimeno de Zaragoza.

Na xornada inaugural do encontro, presentada pola responsable da área Confederal de Muller de UGT, Medea Gracia, interviñeron o secretario xeral de UGT Aragón, José Juan Arceiz; a directora do Instituto Aragonés da Muller, María Antoñanzas; a subdelegada do Goberno en Zaragoza, Noelia Herrero, e a vicesecretaria xeral do sindicato, Lola Navarro.

A maternidade e a corresponsabilidade, no punto de mira

No seu discurso, Navarro fixo fincapé na maternidade, os coidados e a non corresponsabilidade como primeiras grandes desigualdades do mercado laboral. A vicesecretaria xeral de UGT incidiu tamén na importancia da presenza feminina nos ámbitos de negociación e decisión.

Pero esta reivindicación debe implicar a todas e todos. Tal e como explicou Lola Navarro, é necesario que os homes se incorporen á axenda de coidados canto antes, porque “non son medidas de acción positiva, son accións democráticas” que afectan ao 50% da poboación.

Por último, quixo lembrar a situación de Gaza e condenar as cifras que a acompañan: o 70% das vítimas da guerra son mulleres e nenos. Así, destacou que “o movemento feminista é, por natureza, de paz.”

Pola súa banda, José Juan Arceiz quixo poñer no centro de debate que “non hai xustiza social sen igualdade de xénero”. En consecuencia, para o secretario xeral de UGT Aragón é de suma importancia a presenza de máis mulleres dirixentes en todas as capas da sociedade, tanto fóra como dentro do sindicato.

A continuación, durante a quenda de palabra de María Antoñanzas, a di-



A delegación de UGT-Galicia no 3º Encontro de Mulleres Dirixentes estivo encabezada pola secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos. Por parte de FeSMC acudiu Cristina Calvo; Laura Ámez, por Servizos Públicos; Marisa Rodríguez, FICA; e Rosario Ruibal, UGT-Pontevedra

rectora do Instituto Aragonés da Muller destacou o carácter transversal que debe ter a loita pola igualdade. Para Antoñanzas, o liderado feminino xa “non é unha opción, é un factor crave de progreso colectivo”.

Doutra banda, Noelia Herrero destacou que conceptos como “o fogar e o coidado da familia perseguíronnos desde que decidimos ser nós mesmas”. Tamén sinalou as grandes carencias do mundo da política, por exemplo, ao cuestionar ás mulleres pola súa forma de vestir ou o seu aspecto físico.

Durante estas xornadas tiveron lugar diversas mesas de debate. Este mércores falouse de Retos sindicais en Igualdade. Experiencias do liderado de mulleres no sindicato. Un coloquio que estivo moderado pola vicesecretaria xeral de UGT, Lola Navarro, e que empezou por onde empeza calquera andaina vital: polas orixes e inicios das participantes. Nesta mesa faláronse a secretaria xeral de UGT Madrid, Susana Huertas; a secretaria xeral de UGT Extremadura, Patro Sánchez; a secretaria xeral de UGT Castela-A Mancha, Lola

Alcónéz; e a portavoz de RUGE, Belén Guirao.

Os grandes retos sindicais en igualdade

Desde as súas orixes no sindicalismo ata a actualidade, todas as integrantes do coloquio fixeron referencia aos principais retos, desafíos e problemas en materia de igualdade. Patro Sánchez destacou que “a igualdade real implica acceder a espazos de poder” e quixo sinalar a importancia de actuar e non só quedar no discurso.

Susana Huertas concluíu en que “hai que dar un golpe na mesa e demostrar que tamén somos políticas dentro do sindicato”. Pola súa banda, para Lola Alcónéz as dificultades do liderado de mulleres son coñecidas e comúns, e implican “defender o que es”.

Por último, a secretaria xeral de RUGE, Belén Guirao, quixo sinalar que “a igualdade non se fai efectiva só nas leis, as rúas, os convenios ou plans de igualdade, senón tamén no noso sindi-

O EDADISMO TECNOLÓXICO ALCANZA A MÁIS DE 3,5 MILLÓNS DE PERSOAS

UGT presenta o estudo *Maiores e Exclusión Tecnolóxica*, unha investigación pioneira que logra, por primeira vez, medir o verdadeiro alcance da brecha dixital tecnolóxica por razón de idade

Redacción.- No ocaso do primeiro cuarto do século XXI, as tecnoloxías dixitais son parte indivisible da vida cotiá de millóns de persoas no mundo. A abafadora maioría das accións que realizamos no noso día a día ten un compoñente relacionado, cando non indispensable, co ecosistema dixital.

Con todo, esta cotiandade é inaccesible para 3,55 millóns de persoas con 65 ou máis anos de idade. Atopámonos, por tanto, ante un dos elementos de exclusión máis amplos, profundos, arraigados e capilarizados que existen na nosa Sociedade e que, lamentablemente, é arrumbado a pesar de que esas persoas son os nosos pais, nais, avoas e avós. Non existe un exemplo máis meridiano de idadeismo ou de discriminación por idade.

Os achados da investigación permiten coñecer o verdadeiro alcance da fenda dixital por razón de idade. Por exemplo:

- A metade de quen conta con máis de 75 anos nunca accedeu a Internet.
- Nun día calquera, mentres 36 millóns de españois entra na internet varias veces ao día, outros 6 millóns – todos persoas maiores- non o fai unha soa vez.
- Catro millóns de españois de 65 anos ou máis non usa nunca WhatsApp.

- Cinco millóns de persoas senior non combaten a súa soledade usando algún tempo de entretemento en liña, como películas, series, ebooks, podcast, etc. •

5,5 millóns non aproveitan ningunha facilidade tecnolóxica relacionada coa súa saúde, desde concertar unha cita, buscar información ou descargar a súa pauta farmacéutica.

- Seis millóns de maiores non usan nunca o correo electrónico.

- 6,4 millóns de persoas con máis de 65 anos non saben usar unha app de banca.

- E finalmente, 7,7 millóns de persoas da devandita idade non participan, en ningunha ocasión, en redes sociais, o que reverte nunha opción menos para paliar posibles illamentos sociais e soledade vivencial.

Impacto nun dos colectivos máis vulnerables e desatendidos



A concatenación de fendas dixitais superpostas faínos concluir que non existe unha desigualdade tecnolóxica con maior incidencia e onde as súas consecuencias sexan máis negativas, impactando ademais nun dos colectivos máis vulnerables e desatendidos do noso tecido social.

UGT advirte de que non podemos seguir ignorando esta realidade e debemos decidir, como sociedade plural, protectora e comprometida, se queremos articular accións que realmente palién esta grave fractura dixital. Este estudo, que por primeira vez describe de forma pomenorizada a súa transcendencia, debe contribuír decisivamente a dar visibilidade ás súas implicacións sobre a calidade de vida dos nosos maiores, propoñendo un plan de acción para iniciar a súa erradicación.

UGT E ECOEMBES RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN PARA AVANZAR CARA UN FUTURO SEN RESIDUOS

Redacción.- Ecoembes, a organización sen ánimo de lucro que desde hai máis de 25 anos promove a economía circular a través da reciclaxe de envases, e UGT asinaron un novo convenio co que dan continuidade á súa colaboración para impulsar a economía circular e a reciclaxe na contorna laboral. A firma, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente e coas xornadas UGT en Verde: Medidas de resposta e adaptación ante a emerxencia climática, contou coa presenza de Pepe Álvarez, secretario xeral de UGT, e Rosa Trigo, conselleira delegada de Ecoembes.

Con este pacto, ambas as organizacións referendan o seu compromiso para desenvolver, de maneira conxunta, accións que garantan a xestión da recollida selectiva de envases, a economía circular, a creación de emprego e unha transición xusta cara a un modelo máis sostible. Entre elas, accións informativas e de sensibilización, a través de xornadas de formación, así como o fomento da

recollida selectiva de envases xestionados por Ecoembes nos centros de traballo e nas sedes do sindicato. Ademais, todas estas accións contarán cun seguimento e avaliación mediante a elaboración de informes cuadrimestrais.

“En Ecoembes cremos no poder da colaboración como motor de cambio. Por iso, desde 2016 unimos forzas con UGT para promover a economía circular na contorna laboral. O obxectivo é impulsar boas prácticas nos centros de traballo, fomentar a recollida selectiva de envases e formar nos principios de reducir, reutilizar e reciclar. Só mediante alianzas como esta poderemos avanzar cara a un futuro sen residuos e con máis oportunidades”, sinala Rosa Trigo, CEO de Ecoembes.

Pepe Álvarez, secretario xeral de UGT, declarou que “grazas a este convenio, UGT seguirá formando e sensibilizando aos seus delegados e delegadas sindicais sobre a

transición á economía circular e o papel que xoga Ecoembes no proceso. Para o sindicato, asegurar a calidade dos empregos que se xeren a través da economía circular é prioritario. Hai que garantir unha transición xusta, fomentando a formación e recualificación das persoas traballadoras, e establecendo boas condicións laborais”.

A transición cara a unha economía circular representa unha gran oportunidade para a creación de emprego verde. Segundo a Estratexia Española de Economía Circular, en 2030 este modelo podería xerar ata 700.000 novos empregos en Europa e contribuír cun 0,5% ao PIB. En España, un estudo elaborado por UGT estimou que esta transformación podería traducirse en máis de 160.000 empregos. O papel de Ecoembes tamén é relevante: en 2017, o emprego total asociado á súa actividade situouse ao redor das 46.000 persoas, con máis de 10.000 empregos directos xerados.

236 PERSONAS (23 EN GALICIA) FALECERON EN ACCIDENTES DE TRABAJO ATA ABRIL

Redacción.- Segundo os datos estatísticos de avance facilitados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social correspondentes aos catro primeiros meses de 2025 producíronse 358.121 accidentes de traballo, dos que 189.745 causaron a baixa laboral da persoa traballadora (o que supón un descenso do 4,7%) e notificáronse 168.376 accidentes de traballo sen baixa (un 5,6% menos con respecto a abril de 2024). Ademais, rexistráronse 236 accidentes mortais, 6 menos respecto a os datos provisionais de abril de 2024, o que supón un descenso desta cifra dun 2,5%.

Aínda que se aprecian descensos nas cifras estatísticas de accidentes de traballo, continúan sendo inasumibles para unha sociedade como a nosa. É escandaloso que morran 236 persoas traballadoras en catro meses polo simple feito de tentar gañar a vida. Ademais, ata o mes de abril do presente ano, rexistráronse 189.745 accidentes de traballo que requiriron de baixa laboral. Queda de manifesto o grave da situación para pesar do descenso experimentado.

UGT, consciente desta situación, aprobou unha resolución no seu I Comité Confederado celebrado os días 10 e 11 de xuño, no que fai un chamamento á renovación da

Lei de Prevención de Riscos Laborais: “É urxente unha reforma legal, máis medios para a Inspección de Traballo, e a instauración dos delegados de prevención sectoriais e territoriais”.

A seguridade e saúde da clase traballadora debe protexerse de maneira decidida. As persoas traballadoras temos dereito a contornas de traballo seguras e saudables segundo a Declaración de principios e dereitos fundamentais no traballo da OIT.

Por iso, é necesario actualizar a Lei de Prevención ás novas realidade do mundo do traballo, fortemente influído polas transicións demográfica, climática e dixital. Os traballos na Mesa de Diálogo Social deben impulsarse decididamente buscando garantir a protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras.

Igualmente, debe dotarse de maiores recursos á Inspección de Traballo e Seguridade Social para que continúe contro-



lando o cumprimento da normativa en materia preventiva, por exemplo, á hora de desenvolver o Plan Estival de 2025, presentado recentemente.

Desde UGT valoramos positivamente que se intensificaron as actuacións inspeccionadoras que levan a cabo durante todo o ano sobre condicións meteorolóxicas adversas dentro da área de seguridade e saúde laboral. Segundo declaracións da ministra de Traballo, en 2021 fixéronse 704 actuacións e en 2024 máis de 11.500. As infraccións pasaron de 57 a 275 e os requirimentos de 401 a 4.175. En materia de sancións, en 2021 impuxéronse multas por un monto de 175.000 euros, mentres que en 2024 ascenderon a case 1,4 millóns de euros.

UGT DEFENDE EN EUROPA UNHA RESPOSTA URXENTE ANTE A CRISE DA VIVENDA

Redacción.- UGT participou na xornada “O papel da política de cohesión nos desafíos da vivenda alcanzable”, celebrada no CESE, en Bruxelas. Na sesión, organizada por Mari Carmen Barrera, secretaria de Políticas Europeas de UGT, membro do CESE e coponente do ditame, forma parte dos traballos para situar a vivenda no centro do próximo marco financeiro plurianual da Unión Europea (UE), tamén participaron, entre outras persoas, Lola Navarro, vicesecretaria Xeral de UGT; Marie Hyland, investigadora de Eurofound; Gerry Muscat, do Banco Europeo de Investimentos (BEI); e Matthew Baldwin, director xeneral adxunto da Comisión Europea.

Na súa intervención, Lola Navarro denunciou o impacto do auxe dos alugueiros turísticos de curta duración, que está a expulsa ás persoas traballadoras dos seus barrios e dificultando o acceso a unha vivenda digna, especialmente en zonas urbanas e turísticas como Sevilla ou Baleares. Ademais, advertiu de que a ausencia dunha regulación europea común favorece un modelo especulativo que baleira as cidades e

precariza a vida.

Nese sentido, UGT propón introducir a vivenda na negociación colectiva, crear parques de alugueiro público para profesionais esenciais, erradicar asentamentos precarios e fomentar modelos sostíbeis de construción industrializada. Tamén expón reforzar a mediación sindical en conflitos de vivenda, mellorar a transparencia do mercado mediante unha base de datos pública europea e aplicar criterios de urbanismo inclusivo. Pola súa banda, Mari Carmen Barrera presentou as principais propostas do ditame, que reclama duplicar o investimento en vivenda desde a política de cohesión ata os 10.500 millóns de euros, crear unha Plataforma Europea de Investimento en Vivenda co BEI e excluír este tipo de investimentos do cómputo do déficit. Ademais, solicítase unha regulación europea do alugueiro turístico, o fin dos visados dourados e unha aposta decidida pola rehabilitación enerxética aliñada co Pacto Verde Europeo.

Barrera sinalou que a vivenda alcanzable non pode seguir considerándose un

asunto periférico, xa que estamos ante unha crise estrutural que afecta o corazón mesmo do modelo social europeo e compromete a cohesión económica, social e territorial da UE. Por iso, é hora de colocar o acceso á vivenda no centro das prioridades políticas europeas.

A vivenda debe ser recoñecida como unha infraestrutura económica esencial, xa que, cando as persoas non poden permitirse vivir preto de onde traballan, non só agrávase a desigualdade, senón que se erosiona a mobilidade laboral, a produtividade e a competitividade.

UGT defendeu que a política de cohesión debe garantir o dereito a unha vivenda digna como pilar da cohesión social, cunha gobernanza que conte coa participación activa de sindicatos, axentes sociais e asociacións de inquilinos, así como con mecanismos de avaliación que aseguren que os investimentos chegan a quen máis o necesitan. Sen vivenda non hai igualdade nin emprego estable e Europa debe actuar con urxencia.